

Este acto, documento o expte.
no está suxeito a fiscalización
previa.

Data / /
El Interventor,

Turismo de

sanxenxo

INTERVENCIÓN GENERAL
Turismo de Sanxenxo. S.L

VISTO E CONFIRMADO
DATA 16/10/19

En cumprimento do disposto no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSSP), emítase a presente:

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

“CONTRATO DE ALUGUER DE CARPA CON INSTALACIÓN DE TARIMA, ENMOQUETADO, PLANCHADA DE ESCENARIO PARA CARPA, ILUMINACIÓN ECLIMATIZACIÓN; DECORACIÓN DE NADAL; INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE SON; E CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE SEGURIDADE CON MOTIVO DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE NADAL 2019-2020 NO CONCELLO DE SANXENXO”

1.- *Obxecto do contrato (art. 99 LCSP) e idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 28.1 LCSP):*

O obxecto do contrato é a contratación do aluguer dunha carpa, instalación de tarima, enmoquetado e planchada de escenario para carpa, iluminación, climatización da carpa, decoración, instalación de equipos de son e contratación dun servizo de seguridade para a súa instalación na Praza do Mar, da vila de Sanxenxo.

2.- *Valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran (art. 101 e 116.4 d) LCSP):*

Determinase no Prego Unificado de Cláusulas Administrativas e no informe emitido polo Sr. Interventor Xeral, fixándose nunha contía de 51.048,00 euros sen IVE.

3.- *Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato (art. 62.1 LCSP)*

Especificase no punto 4.

4.- *Responsable do Contrato (art. 62 LCSP):*

O Presidente da entidade, Telmo Martín González

5.- *Xustificación, no seu caso, de non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos (art. 99.3 e 116.4 g) LCSP)*

Este acto, documento ou expte.
está suxeito a fiscalización
a posteriori por técnicas de
muestreo de forma conxuntiva
con similares. Conforme bases
de execución.

Data / /
O Interventor,

Contémplase a división en lotes toda vez que considérase mais adecuado para favorecer a presentación de ofertas por empresas especializadas e a posibilidade de incrementar así a calidade dos subministros ou servizos a contratar.

6.- *Informe da insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos (art. 116.4 f) LCSP)*

Turismo de Sanxenxo ou o Concello de Sanxenxo na actualidade non dispoñen de persoal nin de medios materiais para poder asumir o obxecto do presente contrato con medios propios.


7.- *Elección do procedemento de contratación (art. 116.4 a) LCSP)*

O procedemento de contratación a tramitar será o procedemento aberto, regulado no artigo 156 da LCSP, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior a 100.000 euros.

8.- *Razóns polas que se considera necesario empregar medios distintos aos electrónicos para a presentación de ofertas (disposición adicional 15.3 LCSP).*

Turismo de Sanxenxo emprega a infraestrutura, tanto material como persoal, existente no Concello de Sanxenxo para o desenvolvemento da súa actividade. O Concello de Sanxenxo actualmente atópase na fase de implantación da súa sede electrónica, non estando en situación de poder garantir a correcta prestación deste servizo para a tramitación electrónica do expediente, motivo polo cal faise conveniente optar pola presentación en papel por cuestións de seguridade xurídica, recolléndose en tal sentido no prego unificado.

En Sanxenxo, a 15 de outubro de 2019



Asdo.: María Deza Martínez.
Presidenta accidental